



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA DEZANOVE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN.-**

No Salón de Sesións do Concello de Barreiros, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezanove de abril de dous mil vinte e un, baixo a presidencia da Alcaldesa Ana Belén Ermida Igrexas, e coa asistencia das/os Concelleiras/os, Antonio Veiga Outeiro, Montserrat Porteiro Sanchez, Dámaso Ratoeira Basanta, Daniel García Fernández, María Carmen Veiga Rodriguez, José Manuel Gómez Puente, Lorenzo Penabad Bolaño e María del Mar Sante García, e excusando a súa asistencia o concelleiro Alvaro Daniel Navia Ferreyra, constituíuse o Pleno da Corporación, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, que substitúe á ordinaria do 29 de marzo, actuando como Secretaria, Dona Begoña Teijeiro Campo, que comproba a existencia de quórum de asistencia precisa para que poida iniciarse a sesión, que é pública, e se abre pola Presidencia, quen, inicia o desenvolvemento dos asuntos que conforman a orde do día, que son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta do pleno do 24 de febreiro de 2021.**
- 2.- Toma de posesión da nova concelleira Sonia Piñeiro Rúas (194/2021)**
- 3.- Dar conta das Resolucións de alcaldía e das Xuntas de Goberno Local aprobadas a partir do 24 de febreiro de 2021 (poden consultarse nos libros correspondente no Gestiona).**
- 4.- Aprobación do orzamento para o exercicio 2021 (402/2021)**
- 5.- Aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2021 (421/2021)**
- 6.- Modificación do Convenio Colectivo do persoal laboral temporal para modificar as condicións laborais do persoal do SAF e os asuntos propios. (1146/2020)**
- 7.- Concertación de nova operación de crédito para cancelar totalmente a débeda pendente co Fondo de Liquidación para a Financiación dos Pagos a Proveedores. (315/2021)**
- 8.- Adhesión do concello ó Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (422/2021)**
- 9.- Moción para solicitar a creación da autoridade portuaria de San Cibrao segregándoa da actual Ferrol-San Cibrao e demandar a liberalización e apertura do tráfico comercial do dique norte do porto comercial de San Cibrao.**
- 10.- Mocións ou propostas de urxencia.**
- 11.- Rogos e preguntas.**

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DO PLENO DO 24 DE FEBREIRO DE 2021.**

A alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á Acta da sesión anterior, que se facilitou coa convocatoria.

Procédese á votación de carácter ordinario verbo da aprobación da acta, resultando aprobadas por unanimidade.

### **2.- TOMA DE POSESIÓN DA NOVA CONCELEIRA SONIA PIÑEIRO RUAS.**





Trala renuncia do concelleiro Jose Alfonso Fuente Parga, e coa remisión das credenciais da seguinte concelleira da lista por parte da Xunta Electoral Central, toma posesión como concelleira Sonia Piñeiro Rúas, tras prestar xuramento segundo dispón o artigo 108.8 da Lei Orgánica de réxime electoral xeral, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1989, do 5 de abril, é dicir, contestando á pregunta formulada pola secretaria-interventora: "¿Xura ou promete pola sua conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleira con lealdade a El Rey e gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?", ao que resposta "Si, xuro".

Tras estas formalidades Sonia Piñeiro Rúas incorporase ao Pleno como concelleira e participa na deliberación e votación dos restantes asuntos incluídos na orde do día.

### **3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL APROBADAS A PARTIR DO 24 DE FEBREIRO DE 2021.**

Dase conta de todas as Resolucións e Xuntas de Goberno Local que se aprobaron a partir do 24 de febreiro de 2021 e ás que os concelleiros poden acceder a través do Gestiona de forma directa.

### **4.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EJERCICIO 2021.**

O concelleiro de Facenda, Antonio Veiga, expón as seguintes cuestións en relación ó orzamento proposto para o ano 2021:

Este orzamento, como o do ano pasado, aprobase no contexto dunha crise económica e sanitaria mundial pero tamén na comarca. Con problemas de desemprego, e non só polo problema de Alcoa, si non polo que foi acontecendo nos últimos anos. Cun avellentamento da poboación moi importante.

Os concellos están abandonados á súa sorte pola Xunta, delegándonos competencias impropias (incendios, covid-19,...) sin aportar fondos suficientes, pero tamén polo Estado, que nunca se plantexou o reparto de fondos doutra maneira.

Este ano fixose un esforzo económico para reconducir a situación económica, priorizando os gastos reais e urxentes da poboación, pero aínda queda traballo por diante in da que se está no bo camiño.

Nestes orzamentos seguese a poñer o foco en manter os servizos esenciais, manteñense tamén as partidas sociais e faise un maior investimento na rede viaria, no abastecemento e no saneamento.

Seguen a ser moi reducidos os gastos en publicidade, os gastos protocolarios e os gastos xurídicos.

O cálculo dos ingresos baséanse na liquidación do 2020 e baséanse no criterio de prudencia. No apartado dos ingresos seguimos a depender moito doutras administracións, pero conseguimos que non teña que haber incremento de impostos nin de taxas municipais.

O Capítulo I de persoal segue a supoñer mais do 40% do orzamento. E prevense os gastos de amortización dos préstamos vixentes.

O resume do orzamento por capítulos é o seguinte:





<i>CAPITULO</i>	<i>IMPORTE</i>
I: Gastos de Personal	1.706.060,75
II: Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	1.490.637,54
III: Gastos Financieros	10.000
IV: Transferencias Corrientes	40.866,47
VI: Inversiones Reales	479.114,37
VII: Transferencias de Capital	
VIII: Activos Financieros	
IX: Pasivos Financieros	420.122,20
<b>TOTAL .....</b>	<b>4.146.801,33</b>

## INGRESOS

<i>CAPITULO</i>	<i>IMPORTE</i>
I: Impuestos Directos	1.487.200
II: Impuestos Indirectos	20.000
III: Tasas y Otros Ingresos	1.037.600
IV: Transferencias Corrientes	1.310.500
V: Ingresos Patrimoniales	5.600
VI: Enajenación de Inversiones Reales	
VII: Transferencias de Capital	285.901,33
VIII: Activos Financieros	
IX: Pasivos Financieros	
<b>TOTAL .....</b>	<b>4.146.801,33</b>

Intervén a continuación, o voceiro do grupo municipal do PP, Jose Manuel Gómez, e di que estamos en abril e aínda se trae agora o orzamento.

Reduciuse o investimento en relación cos anos anteriores e sin embargo a débeda non baixa tanto.

Tamen se reduciu o persoal nos últimos anos, aínda que a diferenza pode ser porque nestes anos non se tiveron Obradoiros ou porque non se contrata moita xente para a limpeza das praias ou socorrismo. É curioso que se incrementa o gasto do persoal laboral fixo e se reduce o do persoal laboral temporal.

Antes prevíase unha partida para o persoal de incendios e agora non hai, solo hai gastos no capítulo II. Supoño que isto supón que se privatiza o servizo.

A recollida de lixo ten unha contía moi alta pero redúcese a partida do tratamento de residuos, non sei si se tomou algunha medida que implique esta redución.

Desaparece a partida da xestión do ximnasio, polo que entende que vai seguir pechado. Tamen se reducen as partidas para alumeadado público, saneamento, edificios, mantemento de vías públicas e aumenta a amortización de préstamos.





Tamen vemos que neste orzamento hai unhas carencias importantes porque no se prevén axudas para a hostelería (ben pagos directos ou exención de impostos e taxas), que segue a ser o sector máis perxudicado.

Tamen estaría ben que se recollesen axudas para os veciños e veciñas que están en paro ou ERTE. Solo hai unha pequena partida para emerxencia social pero non é suficiente.

Tamen se debería ter unha partida importante para o fomento do emprego para poder contratar persoal no verán para a limpeza das praias e o socorrismo. Isto debería ter incluído no Plan Unico deste ano pero non se fixo e agora xa é tarde.

Habería que incluír partidas para alumeadado publico novo porque aínda hai zonas que non teñen e tamen unha partida para saneamento, tanto na zona sur como nalgún sitio da zona norte que aínda que falta (na zona do Tanatorio). Tamén se debería incluír unha partida, inda que fose simbólica, para a depuradora de San Miguel.

Sería importante tamen que se recollese unha partida para axudar na reparación dos nichos do cemeterio de San Cosme e recoller unha partida de gratificacións para o persoal municipal, sobre todo o do SAF, que traballou moito e moi ben durante a pandemia.

A alcaldesa intervén e di que xa vé que facer a Comisión Informativa fai dous días non serviu de nada porque volven a repetir as mesmas cousas que xa se lle aclararon no seu momento. É normal que vaian votar en contra dos orzamentos pero deberían ter en conta o que xa se lles explicou para non plantexar cousas erróneas.

Para empezar, en canto ó de aprobar tarde o orzamento, en todo momento se estivo en contacto cos grupos municipais, concretamente falouse directamente co voceiro do PP, para explicarlles a situación que impedía realizar os plenos ordinarios e o propio Jose Manuel lle dixo que entendían a situación e que non había problema en retrasar o pleno para traer o orzamento.

O obxectivo do equipo de goberno é aprobar os orzamentos en prazo pero as circunstancias este ano non o permitiron.

Pide que as argumentacións non sexan demagóxicas. Claro que estaría ben poder ter cartos para todo o que se nos ocorrixe, pero hai que centrarse nas cousas urxentes e esenciais e que sexan competencia directa do concello.

Que a partida de xestión do ximnasio non figure no orzamento, non significa que vaia seguir pechado, si non que implica que se vai xestionar directamente polo concello, o cal vai abaratar os custos.

Como xa se lle explicou na Comisión Informativa, hai varios puntos de luz que se incluíron no Plan Unico do ano 2020 e que xa están adxudicados pero aínda non se colocaron pero vanse colocar en breve. Ó ser gastos do ano anterior non se poden meter no orzamento pero vanse incorporar igual a este ano e executarse o antes posible.

O mesmo ocorre coas obras de rehabilitación de edificios. Estaban no orzamento do ano pasado e como non se puideron iniciar incorporanse ó de este ano pero non poden figurar nos créditos iniciais do orzamento, que é o que estamos aprobando aquí.

De feito, o investimento real que se vai levar a cabo este ano, tendo en conta o previsto para o 2021 e o que está pendente de executar do ano 2020, supera o millón e medio de euros.





Redúcese o gasto de mantemento de vías porque se incrementa o investimento na mellora das mesmas e si as carreteras están en mellor estado non se necesita tanto mantemento.

En canto ás axudas para emerxencia social, que a vostede lle parecen moi escasas, no ano 2018 había previsto 3.000 € e agora temos 9.000 €, así que se incrementou nunha porcentaxe moi elevada.

En canto ós cambios do gasto de persoal de temporal a fixo, son para recoller os cambios que se aprobaron no servizo do SAF, e que se tratarán nun punto posterior. Co que vostede di sobre persoal, non sei si a súa intención é incrementar o gasto de persoal ou reduci-lo.

A contratación do persoal para as praias, como tamen se lle explicou na Comisión Informativa, non vai na partida de Fomento do Emprego, si non que vai con cargo ó Capitulo I de persoal, como todos os anos. Na partida de Fomento de Emprego van os dous Obradoiros que temos solicitados e que a ver si nos conceden.

Entende que teñan que votar en contra pero sí lles pediría un pouco máis de rigurosidade á hora de argumentar e non faltar á verdade.

O voceiro do PP, Jose Manuel Gomez, di que sinte moito que teña esa impresión pero o único que dí e que parece que neste orzamento hai boas intencións pero xa se verá despois como vai a execución. Oxalá se equivoque e saia todo ben porque eso será que se benefician todos os veciños e veciñas.

Na Comisión Informativa, en relación ás axudas á hostelería, falouse de que era mellor levar a cabo medidas de dinamización como o tema dos bonos, pero falando con algún hosteleiro, non ve que esa opción teña moi boa acollida.

A alcaldesa volve a intervir e di que no ano anterior a execución do orzamento foi moi alta e controlouse moito o gasto e evitouse moito despilfarro e vaise seguir nesa liña este ano tamén.

En canto ó das gratificacións do persoal ás que se referiu antes, claro que se reconece o traballo feito por todo o persoal durante a pandemia, e especialmente o persoal do SAF. Precisamente por iso, en plena pandemia, se tomaron todas as medidas posibles para que contaran con equipos de protección que nin siquera tiñan no centro de saúde. Tamen se lles reduciu a xornada a un solo domicilio durante a peor época para protexelas e aínda que solo traballaban unhas poucas horas á semana non se lle reduciu o soldo. Oxalá se puideran dar gratificacións a todo o persoal pero iso ten que facerse cuns criterios legais e non de calquera maneira.

En canto ó asunto das axudas á hostelería, non está claro que as axudas directas que plantexa a Xunta sexan útiles para os establecemento que realmente están en peor situación. Para poder facer algo con axudas directas habería que prever unha contía moi alta que non temos e por iso optamos pola dinamización de todo o concello porque así, con menos cartos pódense facer máis cousas que benefician a toda a cidadanía.

Sométese a proposta do orzamento a votación e resulta aprobada por seis votos a favor dos concelleiros do BNG e PSdeG-PSOE e catro votos en contra dos concelleiros do PP.





## **5.- APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO 1/2021.**

Dase conta da proposta da alcaldía que literalmente di:

“Visto o informe da Secretaria-Interventora emitido o 23 de abril de 2021 en relación ó recoñecemento extraxudicial dunha serie de gastos realizados nos exercicios 2019 e 2020 pero que non chegaron a aprobarse no ano 2020 e polo tanto teñen que ser aprobadas mediante recoñecemento extraxudicial.

Tendo en conta que as prestacións ás que se refiren estes gastos foron efectivamente realizados e están xustificadas e suporía un enriquecemento inxusto para a Administración non abonalos.

Considerando que nestes momentos existe crédito adecuado e suficiente no orzamento para facer fronte a estes gastos,

### **PROPONSE Ó PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito dos gastos que se conteñen na relación adxunta e que ascenden a un total de **172.596,44 €**, con cargo as partidas que correspondan do orzamento para o exercicio 2021, considerando as bolsas de vinculación existentes.

<b>terceiro</b>	<b>concepto</b>	<b>data factura</b>	<b>importe</b>	<b>partida</b>
Repsol SLU	electricidad ETAP Celeiro	01/10/201 9	11361,31	161.221
Repsol SLU	electricidad ETAP Celeiro	01/11/201 9	11072,54	161.221
Servicios dos Concellos Galegos, SLU	recollida lixo xullo 2020	19/08/202 0	66206,54	1.621.227
Servicios dos Concellos Galegos, SLU	recollida lixo agosto 2020	17/09/202 0	83956,05	1.621.227
			<b>172.596, 44</b>	

A alcaldesa di que o ano pasado recoñecéronse máis de 600.000 € que quedaron pendentes do ano 2019 e agora mesmo, despois de aprobar estas facturas, xa solo queda pendente unha factura da ETAP de Celeiro do ano 2019 duns 120.000 €.

O voceiro do PP, Jose Manuel Gomez, di que está a favor deste acordo.

Sométese o acordo a votación e resulta aprobado por unanimidade.

## **6.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA MODIFICAR AS CONDICIÓNS LABORAIS DO PERSOAL DO SAF E OS ASUNTOS PROPIOS.**

Dase conta da proposta da alcaldía que literalmente di:





O 1 de decembro do 2020, pola Xunta de Goberno Local, iniciase o procedemento para modificar as condicións laborais do persoal asignado ó Servizo de Axuda no Fogar municipal, realizando todos os trámites previstos na lei para incluír esta regulación como anexo especial no Convenio Colectivo para o persoal laboral do Concello de Barreiros.

O pasado día 24 de marzo tivo lugar a reunión da Mesa de Negociación na cal se tratou este asunto de forma especial, pero tamen se negociou o contido do Capítulo I do Orzamento para o ano 2021 e tamen se acordou modificar a redacción do actual Convenio Colectivo en relación ós asuntos persoais ou asuntos propios.

En base ó negociado cos representantes do persoal, así como cos sindicatos máis representativos que formaron parte da Mesa de Negociación, **PROPONSE Ó PLENO A ADOCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Modificar o apartado 7) do Artigo 8.4.2 do Convenio Colectivo para o persoal laboral do Concello de Barreiros, relativo ós asuntos persoais ou propios, que quedaría redactado do seguinte xeito:

## **Artigo 8.4.2: PERMISOS**

(...)

7) Por asuntos persoais ou propios, o persoal disporá dos días que con carácter xeral se establezan para a Administración Pública estatal, incrementandoos no mesmo número de días que, en cada ano, coincidan os festivos (nacionais, autonómicos ou locais) en sábado ou domingo. Estes días disfrutaranse sen necesidade de xustificación pero respectando sempre as necesidades do servizo.

**SEGUNDO.-** Incluír un **Anexo I**, relativo ás **“CONDICIÓNES ESPECIAIS APLICABLES AS CONDICIÓNES LABORAIS DO PERSOAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR”** que terá o seguinte contido:

1.- Todo o persoal do Servizo de Axuda no Fogar terá o mesmo tipo de contrato, coa única salvedade de que o mesmo poda ser a xornada completa (37,5 horas) ou parcial (variable) segundo as necesidades do servizo.

2.- A xornada laboral para todo o persoal do Servizo de Axuda no Fogar no seu contrato será de luns a domingo e con posibilidade de horario de mañá, tarde ou partido. Modificaranse aqueles contratos que non se correspondan con esta nova regulación. Intentarase que os cuadrantes con xornada partida sexan os mínimos posibles.

3.- Todo o persoal prestará de forma ordinaria os seus servizos de luns a venres nos horarios que se fixen no departamento de servizos sociais, e que dependerá das solicitudes formuladas polos usuarios. Polo tanto, calquera das traballadoras do SAF poderá ter horario de mañá, tarde ou partido segundo as circunstancias de cada momento que poden ser moi cambiantes e respectando sempre a legalidade establecida en materia laboral. Os cuadrantes faranse de forma que sexan o máis equitativos posibles pero dadas as características do servizo isto non será posible en todos os casos, polo que, de ter que facer algún tipo de selección, deberán de aplicarse criterios de conciliación familiar e posteriormente de antigüidade.





4.- Nunha xornada completa de 37,5 horas semanais, as horas efectivas de traballo de luns a venres serán de 32,5 horas. Nesa redución de cinco horas á semana entraría a media hora de descanso diaria (agora xa se estaban traballando sete horas en lugar de as sete e media do contrato para compensar esa media hora libre á que teñen dereito) e outra media hora para compensar horas que se van a realizar nos fins de semana e festivos e axustarse o máximo posible ás horas extraordinarias máximas fixadas na lei. Ás xornadas parciais aplicaráselles á mesma regra para determinar as horas de traballo efectivo.

5.- Todas as traballadoras do SAF terán que prestar os seus servizos nas fins de semana e festivos de forma rotatoria. As fins de semana e festivos asignaranse a principios de ano por algún medio obxectivo, transparente e equitativo para todas as traballadoras. Non lle poderá coincidir traballo en fin de semana ou festivo a ninguén durante os seus días de vacacións. Os festivos de cada semana faraos á persoa á que se lle asigne facer esa fin de semana, salvo imposibilidade manifesta.

6.- Non se concederán días de asuntos propios en fins de semana e festivos en denegaranse por escrito en caso de ser solicitados. As traballadoras poderán cambiar voluntariamente entre sí os fins de semana e festivos, comunicándollos previamente ó persoal técnico do servizo para actualizar os cuadrantes. Para poder cubrir os posibles imprevistos con xustificante médico nas fins de semana e festivos, as persoas que teñan asignado traballar dous fins de semana despois, quedan de reserva para cubrir esas posibles incidencias e, en caso de ter que facer ese fin de semana extra, compensaranse esas horas con días libres, si fose posible, e si non economicamente.

7.- A xornada de correturnos (incidencias) irase turnando cada tres meses e tamen se designará por sorteo cando se fixe o calendario anual de todo o persoal. Unha vez finalizados os tres meses con esta xornada, a traballadora volverá á súa xornada normal.

8.- Establecerase un complemento retributivo mensual fixo para cada traballadora para compensar esas horas que se fagan de forma efectiva en fins de semana e festivos de 120 € brutos mensuais (12 pagas) e que non estean compensadas pola redución de xornada de luns a venres. Este complemento poderá revisarse (á alza ou á baixa) si varían esas horas adicionais que se fagan, porque as mesmas poden variar en función do persoal dispoñible no servizo e das rutas de fin de semana que se teñan que facer e, en todo caso, cada ano, coa aprobación dos orzamentos, negociarase o posible incremento tamen deste complemento ata acadar, segundo as disponibilidades orzamentarias do concello, os 150 € brutos mensuais (12 pagas).

9.- As horas extras efectivas que se fagan en fins de semana e festivos pagaránse ó dobre do valor dunha hora normal de traballo (14 €).

As horas efectivas que se realicen en xornada partida pagaránse unha vez e media o valor da hora normal de traballo (10,50 €).

As horas efectivas que se fagan en xornada de correturnos (incidencias), pola súa especial dispoñibilidade, pagaránse ó dobre do valor da hora normal de traballo (14 €).

10.- Respectarase, dentro do posible, que aquelas persoas que actualmente teñan contrato de xornada completa sigan co mesmo e aquelas persoas que teñan contrato de xornada parcial poderáselle aumentar ata a xornada completa. Igualmente, todos os contratos que se fagan a partir deste momento a xornada parcial poderán ir aumentando as súas horas ata a xornada completa.







11.- A asignación dos días de vacacións ó persoal do SAF farase como se está a realizar na actualidade e que se considera o máis igualitario posible. O período anual divídese por quincenas naturais, de verán (maio-outubro aproximadamente) e de inverno (novembro-abril aproximadamente), e as auxiliares elixen dúas quincenas, unha en cada período, por antigüidade e seguindo despois un sistema de rotación para que non lles correspondan sempre as mesmas cada ano.

Unha vez determinados os períodos de vacacións, sortearanse as catro semanas do ano que teñen dous festivos (fin de ano, semana santa, ponte da constitución e nadal) e a partir deste primeiro sorteo iranse rotando ano a ano para que non lles toque dúas veces seguidas á mesma persoa. Despois farase un listado de todo o persoal por orde antigüidade e sacarase a sorteo un número desde o que se empezarán a cubrir o resto de fins de semana, seguindo dito listado e tendo en conta que a naide se lle pode asignar un fin de semana cando está de vacacións e tratando de que a cada traballadora lle corresponda realizar un número similar de festivos no ano. Finalmente tamen se sortearán os turnos de correturnos dese ano.

A fixación deste calendario farase antes do 1 de xaneiro de cada ano para que todas as traballadoras sepan qué turnos lles corresponden ó longo do ano e podan organizarse.

12.- Todos os contratos novos que se fagan faranse xa nestas mesmas condicións.

13.- Acordase tamén que a Mesa se reunirá as veces que sexa necesario para resolver os problemas que podan ir xurdindo na aplicación práctica desta nova regulación.

**TERCEIRO.-** Facultar á alcaldía para a realización dos trámites administrativos que fosen precisos para formalizar estas modificacións do Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Barreiros."

A alcaldesa cédelle a palabra para defender este asunto á concelleira de Servizos Sociais, Carmen Veiga que manifesta o seguinte:

O servizo de axuda no fogar sempre se prestou de forma directa neste concello pero dende o ano 2002 que se empezou solo con libre concurrencia ata o día de hoxe, tendo en conta que desde o ano 2010 xa se recolle a dependencia, as características do servizo cambiaron moito. Os usuarios de dependencia aumentan e poden solicitar o horario que estimen conveniente, incluíndo tardes e fins de semana.

A contratación de persoal que se fixo durante todos estes anos foi directa, sin procesos de selección, nin convocatorias, nin regulación das condicións de traballo do persoal. Agora a maior parte do persoal é indefinido pero non están determinados os seus postos de traballo.

Esta situación non se pode seguir mantendo no tempo xa que vai en contra da lei e dos dereitos dos traballadores.

Desde o primeiro momento, este equipo de goberno puxo en coñecemento do persoal do SAF esta situación e tratou de chegar a un acordo. Exploráronse todas as posibilidades pero ó final houbo que seguir os cauces legais, con negociación colectiva e audiencia ás traballadoras e os seus representantes.

Do que se trata é de que as condicións laborais de todo o persoal do SAF, que ten as mesmas competencias, aptitudes e responsabilidades, sexan as mesmas e que éstas se adapten ás necesidades do servizo en cada momento.

Redúcenselle as horas que van facer á semana para compensar parte das horas que van ter que facer nos turnos de fins de semana e festivos, que lles tocará un cada





cinco ou seis semanas e ademais incrementaselles o soldo mensual en 120 € brutos.

A asignación dos turnos vaise facer por sorteo e tendo en conta sempre as situacións de conciliación e a antigüidade do persoal.

O que se está intentando é que o servizo sexa da mellor calidade posible para os usuarios e tamen que as traballadoras do servizo teñan todas as mesmas oportunidades e ser equitativos con elas, respectando sempre os seus dereitos.

Tamen se trata de evitar a privatización do servizo porque non sería o mellor para os usuarios nin para as traballadoras.

O voceiro do PP, Jose Manuel Gómez, di que a maioría das traballadoras non queren esta modificación. Non lles parece xusto que se lles cambien as xornadas despois de tantos anos.

Entende que os seus contratos son legais e este cambio vailles afectar á súa vida persoal.

Este traballo é moi esixente e necesitan descansar os días que marca a lei.

Os representantes sindicais deberían terse reunido con todas as traballadoras e deberían defendelas.

A decisión é do goberno municipal pero os representantes sindicais deberían respectar sempre o que diga a maioría das traballadoras.

Non está seguro de que este cambio mellore a calidade do servizo porque o mellor sería que cada usuario tivera sempre á mesma persoa cuidándoo. De feito, neste caso sería como na sanidade, que sempre hai queixas porque se están cambiando os médicos moi a menudo.

O mellor sería deixar este asunto enriba da mesa e volver a negociar coas traballadoras para encontrar unha solución coa que todas estean conformes.

A concelleira do PSdeG-PSOE, Carmen Veiga, di que esto non se fai por capricho. O servizo cambiou moito co tempo e o persoal debería ter que adaptarse a eses cambios. Cada vez os usuarios piden máis tardes e fins de semana e isto non é posible cubri-lo tendo en conta as condicións dos contratos actuais.

A outra opción é privatizar o servizo e nese caso todas as traballadoras pasarían a unha empresa privada e creemos que iso non sería bon nin para o servizo nin para o persoal.

Sempre se buscou a protección das traballadoras e sempre tiveron toda a información, reunións coa seus representantes sindicais e na Mesa de Negociación tiveron tres representantes que designaron elas mesmas. Todo está conforme a lei e seguiu-se todo o procedemento legalmente establecido para estes casos.

Entende que non lles gusten os cambios pero hai que buscar a igualdade entre as traballadoras e o mellor funcionamento do servizo.

O voceiro do PP, Jose Manuel Gómez, di que si este cambio fose tan bon as traballadoras estarían conformes.

Non entende que os sindicatos non falaran con elas.

Entende que hai uns horarios que cubrir pero deberían facerse de forma voluntaria.





Reitera que se debería deixar este asunto enriba da mesa, estudialo mellor e falalo con elas.

A alcaldesa di que neste punto, a parte da modificación das condicións laborais do persoal do SAF tamen se inclúe unha modificación da regulación dos asuntos propios, que xa se viña facendo na práctica, pero que é mellor recollela legalmente. Esta modificación implica que se aumentarán os días de asuntos propios no mesmo número que os festivos do ano que coincidan en sábado ou domingo.

Por outra parte, aclarar que o equipo de goberno non está para poñer en cuestión a labor dos sindicatos. Con esta modificación trátase de xestionar o mellor posible o servizo de forma directa, respectando os dereitos de todas as traballadoras.

A normativa laboral non a fixo o concello. Hai que cumprir coas normas e seguir os procedementos establecidos, cousa que no pasado non se fixo e de ahí estes problemas.

De todas formas o persoal que non estea conforme ten aberta a vía laboral conforme establece a lei.

O que está claro e que todas as persoas que traballan nun mesmo servizo e realizan o mesmo traballo deben ter todas as mesmas condicións laborais.

Sométese a votación a proposta e resulta aprobada por seis votos a favor dos concelleiros do BNG e PSdeG-PSOE e catro en contra dos concelleiros do PP.

## **7.- CONCERTACIÓN DE NOVA OPERACIÓN DE CRÉDITO PARA CANCELAR TOTALMENTE A DÉBEDA PENDENTE CO FONDO DE LIQUIDACIÓN PARA A FINANCIACIÓN DOS PAGOS A PROVEEDORES.**

Dase conta da proposta da alcaldía que literalmente di:

“Visto o informe da Secretaria-Interventora emitido o 13 de abril de 2021 no que se indica o seguinte:

*“A Disposición adiconal 108 do Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, habilita a posibilidade de que as entidades locais podan concertar novas operacións de crédito para cancelar, parcial ou totalmente, a súa débeda pendente co Fondo de Liquidación para a Financiación dos Pagos a Proveedores, sempre e cando se cumpran as seguintes condicións:*

*- a nova operación de crédito ten que ter, como máximo, o mesmo período de amortización que reste para a cancelación completa da operación de crédito que se substitúe.*

*- tense que xerar unha diminución da carga financeira que supoña un aforro financeiro.*

*- Non poderá incorporarse a garantía da participación dos tributos do Estado.*

*- debe destinarse a amortizar anticipadamente o total ou parte do préstamo formalizado co Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores.*





*En calquera caso, para esta substitución da operación de crédito será necesario solicitar a autorización do Ministerio de Facenda.*

*Esta autorización ten que solicitarse a través dunha aplicación informática específica para isto e hai que tomar previamente acordo do órgano competente que é o pleno, para solicitar esta autorización e poder facer esta substitución de préstamos co correspondente aforro no pago de intereses ata a cancelación do mesmo.*

*Actualmente a operación de crédito que formalizamos no ano 2012 co BBVA para a Financiación dos Pagos a Proveedores, ten un capital pendente de amortizar de 781.025 €, cun interese de 1,311 % e terminárase de amortizar (trimestralmente) en maio do 2023. Coas previsións actuais, os intereses a pagar nese período que resto ascenderían a 12.799,05 €.*

*Solicitaronse ofertas ás entidades bancarias que teñen oficina no concello e a mellor oferta foi a de Abanca, que ofertou un interese fixo de 0,05 %, o cal implicará pagar de intereses durante o período de vixencia da nova operación de crédito 448,07 €.*

*Este aforro destinarase a tratar de reducir o período de pago a provedores, en caso de que éste supere os 30 días fixados pola lei."*

Tendo en conta que esta posibilidade é beneficiosa para a economía municipal, PROPONSE ó Pleno:

**Primeiro.-** Concertar, ó amparo do disposto na Disposición adiconal 108 do Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 unha nova operación de crédito con Abanca por importe de 781.025 € para a cancelación total da operación de crédito suscrita coa entidade BBVA no ano 2012 para a Financiación de Pago a Proveedores. O prazo de amortización será o mesmo que o da débeda inicial, cancelándose o préstamo en maio de 2023.

**Segundo.-** Solicitar ó Ministerio de Facenda a autorización correspondente para poder concertar esta nova operación de crédito, facilitando os datos do aforro financeiro que se consegue, a través da aplicación informática específica para isto.

**Terceiro.-** Unha vez obtida a autorización, habilitar á alcaldía e á interventora para formalizar con Abanca dita operación de crédito coas condicións incluídas na súa oferta, que son as seguintes:

- Importe máximo do préstamo: 781.025 €
- Tipo de interese fixo: 0,05 %
- Tipo de interese de demora: 0,99 % por encima do interese débedor en cada momento do cálculo.
- Prazo: ata o 28/05/2023
- Liquidación: trimestral
- Sin comisións

**Cuarto.-** Cancelar totalmentea a operación de crédito actualmente suscrita co BBVA, abonando os intereses pendentes que correspondan e cancelando a conta vinculada a dita operación."

O voceiro do PP, Jose Manuel Gómez, di que lle parece unha boa idea esta renegociación do crédito.





Sométese a votación a proposta e resulta aprobada por unanimidade.

## **8.- ADHESIÓN DO CONCELLO Ó FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.**

Dase conta da proposta da alcaldía que literalmente di:

“Vista a proposta do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, orientada a contribuír desde o noso propio eido local ao desenvolvemento dos países empobrecidos e á loita polo respecto ós Dereitos Humanos, mediante a creación dun fondo económico que financie proxectos de cooperación ao desenvolvemento e campañas de sensibilización en Galicia sobre a Solidariedade internacional e a xustiza social.

Proponse ó Pleno adoptar o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Manifestar a adhesión desta Corporación ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE e aceptar os seus Estatutos e Declaración Programática.

**Segundo.-** Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida como achega anual ao Fondo Galego, segundo o sistema de cotas aprobada pola Asemblea xeral de socios.

**Terceiro.-** Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas deste concello ata aproximarse ó 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.

**Cuarto.-** Facultar á alcaldesa para que designe a un/ha representante político/a e un/ha técnico/a do concello perante o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

**Quinto.-** Notificar este acordo ó Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.”

A alcaldesa cédelle a palabra á concelleira de Igualdade, Educación e Sanidade, Montserrat Porteiro para que defenda esta proposta.

A concelleira Montserrat Porteiro di que este Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha rede creada no ano 97 para a cooperación ó desenvolvemento e xa conta con máis de 100 concellos adheridos e dúas Deputacións Provinciais.

Organizan exposicións, contacontos, materiais divulgativos,... e teñen iniciativas de cooperación e solidariedade e defensa dos dereitos humanos en países máis desfavorecidos.

A cuota que lle correspondería ó concello vai en función da poboación e este ano sería de 294,53 € e teríamos posibilidade de facer tres actividades.

O voceiro do PP, Jose Manuel Gómez, di que ven positiva esta adhesión. Sempre son benvidas as iniciativas para conseguir a igualdade e a axuda ós máis desfavorecidos.

Sométese a proposta a votación e resulta aprobada por unanimidade.

## **9.- MOCIÓN DO BNG PARA SOLICITAR A CREACIÓN DA AUTORIDADE PORTUARIA DE SAN CIBRAO SEGREGÁNDOA DA ACTUAL DE FERROL-SAN**





## **CIBRAO E DEMANDAR A LIBERALIZACIÓN E APERTURA Ó TRÁFICO COMERCIAL DO DIQUE NORTE DO PORTO COMERCIAL DE SAN CIBRAO.**

O concelleiro do BNG, Antonio Veiga, expón o contido da moción que literalmente di:

“A creación da Provincia Marítima de Lugo no decreto 432/2002, de 10 de maio, foi fundamental para a estrutura periférica da administración marítima. A día de hoxe, a provincia de Lugo é a única provincia do Estado con mar e sen Autoridade Portuaria, a pesar de que é esta provincia e concretamente a Comarca da Mariña, onde se atopa o porto de Alcoa, un porto con alto volumen de negocio. Os datos que publica a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao anualmente reflicten que este organismo estatal non chega a invertir na provincia de Lugo, nin en San Cibrao nin na Mariña nin siquiera o 5% do recaudado aquí no peirao de Morás por taxas e outros conceptos, cando estamos a falar de cantidades anuais tremendamente importantes que rondan os 10 millóns de euros. Non hai máis que ir ó documento dos Orzamentos Xerais do Estado 2021 para comprobar que no anexo de Inversións Reais para 2021 e programación plurianual anualizada as partidas destinadas ó ámbito portuario mariño son 0 €, agás algunha migalla en partidas xenéricas, mentras que baixo a epígrafe “Ferrol-San Cibrao” as inversións que alí aparecen refírense só a Ferrol.

O Porto de San Cibrao, declarado de interese xeral en virtude da Lei 27/1992 de 24 de novembro de Portos do Estado e da Marina Mercante sigue hoxe xestionado pola Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao creada polo Real Decreto 1590 de 23 de decembro de 1992, e entendemos que polo anteriormente exposto sobran motivos e xustificacións, de índole económica, de ordenación do territorio, de planificación de infraestructuras e de índole social e política para que a provincia de Lugo conte con Autoridade Portuaria propia, máxime si temos en conta tamén que dependente da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao, e en réxime de concesión ata 2023, a multinacional Alcoa está explotando o porto comercial de San Cibrao, porto que no seu día foi construído polo INI. De acordo con esta concesión, Alcoa utiliza únicamente o dique sur, o que significa o non aproveitamento do dique norte para a súa utilización para o tránsito comercial.

A este respecto débese ter en conta que a posta en funcionamento do dique norte, tal como consta en diferentes estudos e anteproxectos elaborados, nalgúns casos por organismos públicos, significaría habilitar un peirao de atraque de 240 metros de lonxitude para buques de 222 mts de eslora, 11,5 mts de calado e 50.000 m2 de esplanada portuaria, sendo compatible co uso que fai Alcoa do dique sur.

O ente público Portos de Galicia realizou no ano 2010 un “Informe de viabilidade da apertura do Dique Norte San Cibrao-Morás ao tráfico comercial” no que se demostra a viabilidade operativa, construtiva, de tráfico e económica (30 M €), e donde a participación dunha autoridade portuaria propia sería tamen de suma importancia. O Porto de San Cibrao é o de maior calado de A Mariña e con esta actuación optimizaríase esta infraestructura portuaria ao permitir levar a cabo unha actividade comercial portuaria independente e/ou complementaria á que na actualidade se desenvolve con Alcoa.

Esta infraestructura traería consigo unha maior dinamización socioeconómica de A Mariña e, por extensión, da nosa provincia, dinamización máis que necesaria sobre todo pola situación que se está a vivir polo incerto do futuro industrial da comarca, sendo necesario agora máis que nunca que os beneficios do Porto de San Cibrao revertan na comarca e na provincia, e que A Mariña conte cun porto comercial no Dique Norte de Morás dependente dunha autoridade portuaria propia, en consonancia coa condición de provincia marítima que ten Lugo desde o ano 2002.





Por todo o anteriormente exposto solicitamos desta corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Instar ó Goberno do Estado a creación da Autoridade Portuaria de San Cibrao, segregándoa da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao.
- 2.- Instar ó Goberno da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao a que en tanto non se cree a autoridade portuaria de San Cibrao proceda a unha redistribución dos ingresos obtidos a través do Porto de San Cibrao de xeito que estes ingresos revertan na costa de Lugo.
- 3.- Instar ó Goberno do Estado para que inicie as negociacións oportunas para liberalizar e abrir ó tráfico comercial o dique norte do Porto de Alcoa en San Cibrao."

O concelleiro Antonio Veiga di que esta moción conseguiu unanimidade na Deputación e en varios concellos da Mariña de diferentes cores políticas, polo que entende que aquí tamen se conseguirá aprobar.

O voceiro do PP, Jose Manuel Gómez, di que van votar a favor. Segundo os seus datos o que comenta o concelleiro do BNG é correcto, non hai chegar económicas para a provincia deses millóns de euros que se xeneran aquí e ademais nos orzamentos do Estado non hai nada previsto para a Mariña.

O único que propoñen un cambio na orde dos puntos do acordo xa que entenden que primeiro habería que instar ó Estado para que inicie as negociacións oportunas para liberalizar e abrir ó tráfico comercial o dique norte do Porto de Alcoa en San Cibrao, despois instar ó Goberno do Estado a creación da Autoridade Portuaria de San Cibrao, segregándoa da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao e finalmente instar ó Goberno da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao a que en tanto non se cree a autoridade portuaria de San Cibrao proceda a unha redistribución dos ingresos obtidos a través do Porto de San Cibrao de xeito que estes ingresos revertan na costa de Lugo, pero si non os queren cambiar tampouco hai problema. É algo que é bon para Lugo e para toda a Mariña e oxalá se consiga.

A voceira do PSdeG-PSOE, Carmen Veiga, di que eles tamén reivindicán isto e que o considera unha necesidade urxente. Sería unha mellora económica e de autonomía para a Mariña e para a provincia de Lugo.

O concelleiro Antonio Veiga di que na Deputación do PP xa pediu alterar a orde dos puntos e a verdade é que os puntos da proposta non teñen orde cronolóxica polo que se pode alterar a orde sin problema. O importante é defendela en Madrid porque desde o ano 2002 lévase aprobando esta moción no Parlamento de Galicia e despois no Estado votase en contra.

Sometese a votación a proposta coa alteración da orde dos puntos como solicitou o PP, de forma que o punto 3 pasa a ser o 1; o punto 1 pasa a ser o 2 e o punto 2 pasa a ser o 3, e resulta aprobada por unanimidade.

## **10.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**

Non hai

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O voceiro do grupo municipal do PP, José Manuel Gómez, fai as seguintes preguntas e rogos:

- ¿Vaise volver a usar o glifosato nas beirarrúas?





- Roga que se arranxe a tubería que está na cuneta da carretera da Deputación á altura de Mobles Folgueira.
- ¿Vanse poñer en funcionamento os albergues este ano santo?
- ¿Hai prevision de renovar os parques infantís? Xa están bastante deteriorados.
- Parece ser que hai un cuadro da luz en Vilamartín que está tirado, ¿vaise arranxar?
- Caeu un poste no alumado de Remior.
- Roga que se evite usar o glifosato por parte do concello e que se inste a Fomento a que non o use nas estradas nacionais.
- Roga que se arranxe a pista de Santo Estevo do Ermo.

A alcaldesa di que toma nota dos rogos realizados e en relación á pista do Santo Estevo di que xa hai previsión de arranxala en breve.

En canto ó uso do glifosato, di que se trata de evitar pero que en algún caso concreto e en zonas moi determinadas nas que non existe risco de afectar a acuíferos ou recursos naturais, é a única forma de controlar a maleza. En calquera caso sempre se actúa con respecto ó medioambiente.

Imaxino que a razón de non amañar ainda a tubería da auga á que se refire é a mesma pola que o PP tampouco a amañou no seu día, supón un custo de ó redor de 60.000 € e hai que ter financiación para poder facelo.

No tema dos albergues xa está traballando a técnica de turismo e estamos pendentes do que finalmente nos diga a Xunta, de todas formas, coa redución de aforos actuais no de San Xusto poderían estar 1 ou 2 persoas e no de Gondán unhas 10 e en ambos casos habería que ter medios para limpeza, ... polo que haberá que ver si compensa.

En canto ós parques infantís, xa se están a levar a cabo labores de mantemento do mobiliario público, como se fixo cos bancos da plaza e seguiranse facendo máis labores de mantemento noutros espazos públicos e nos parques infantís.

Xa son coñecedores da situación do cuadro da luz de Vilamartín e estamos á espera dos trámites da compañía de seguros.

Das farolas de Remior non saben nada pero daráselle traslado á empresa de mantemento.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por rematada a sesión, e levántase, sendo as vinte e duas horas e catorce minutos do día sinalado.

E para constancia do que se tratou e dos acordos que se adoptaron, estendo a presente acta, que asina a alcaldía e que eu, Secretaria, certifico coa miña sinatura electrónica en Barreiros na data que figura na mesma.

Vº e Pr.  
A ALCALDESA

A SECRETARIA

